

-Aa mañá. Se podeades, conectádevos ás oito e chateamos un intre. Todos os días ao saír do Instituto, inicio o camiño de volta a casa a -compañada dos meus amigos. Falamos de todo un pouco: das clases, de música, de xogos, de lerías... É o tempo fálzense curto. Tanto que, case sempre nos detemos no mesmo lugar antes de separarnos e seguir cada un un camiño diferente. Logo, xa só, cometo a baixar pola rúa do Horreo. Vou pensando nas miñas cousas e observando a xente. Por certo, a mochila hoxe pesa unha chea. Non foi un mal día. O exame de naturais saíume bastante ben e divertínme moito coas inxeniosas respostas de Lucía na clase de cidadanía. O malo é que mañá teño que entregar os exercicios de tecnoloxía e aínda nos os comecei... Esperame unha tarde complicada.

Dín que hai crise, que moitos están sufrindo porque non teñen traballo e os demais preocupados pola economía e polo que pode suceder no futuro. Miro a faciana da xente coa que me cruzo - moitos deles repítense a diario - pero non vexo neles inquedanzas; deben de ocultar os medos para si.

Paso por diante do edificio do Parlamento de Galicia. Con frecuencia parome un momento a miralo. Non sei exactamente porque, pero inspírame tranquilidade, como a que sinto ao recibir o saúdo e o bico dos meus pais cando entro na miña casa. É un gran edificio de pedra, pero a súa fachada é sinxela, sen adornos excesivos, sobrio. Semella robusto, indestructible. Do interior da súa gran porta só sae silencio. Todo transmite unha sensación de serenidade que contrasta coa tensión que ás veces reflicten os debates que alí se xeran e que transmite a televisión. Góstatame o edificio. Tamén saber que alí hai xente traballando e tratando de conseguir unha vida mellor para todos os galegos. Escolas e Institutos máis preparados onde poidamos estudar coas mesmas oportunidades, unha sanidade eficaz e ao alcance de todos os cidadáns, postos de traballo dignos e suficientes, protección para a muller, para as minorías, para as familias que carecen de recursos, vivendas, obras públicas, coidado do medio ambiente e da nosa cultura... Desde diferentes ideos, os nosos deputados e deputadas procuran o ben común. Ás veces, entra ou sae algún coche do aparcabiño e detéñome a ver se é algunha persoa coñecida. Ten que ser un orgullo que os teus concidadáns confíen en ti e te elixan para representalos... E continúo o meu camiño. O noso Parlamento é moi recente, so existe dende hai pouco, mais de trinta anos. Antes, durante séculos, foron outros dende outros lugares os que decidían por nós... Tranquilízame saber que está aí e que non imos perdelo. Non imos deixar que esbareta esta casa que levantaron os nosos pais e avós e que entre todos mantemos.

- Ola cariño - dime miña nai cando cando entro na casa - , que tal o exame?